

PR945C - GUÍA PARA SOLICITAR O COBRO E XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

PRAZO

- Do 22.07.2023 ao 21.08.2023

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Anexo VIII:** Solicitude de aboamento da axuda concedida.
- Anexo IX:** Declaración doutras axudas (liña I: ano 2022; liña II: ano 2023).
- Anexo X:** Memoria de actividades (liña I: ano 2022; liña II: ano 2023).
- Anexo XI:** Relación de gastos a xustificar con cargo á subvención (liña I: ano 2022; liña II: ano 2023 ata 30 novembro).

Os anexos están dispoñibles na sede electrónica <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR945C>

SOBRE O ANEXO XI (RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS)

- A relación de gastos do anexo XI será, polo menos, por importe equivalente ao da subvención concedida.
- As entidades que foron valoradas por máis dunha modalidade deportiva poden xustificar os gastos por calquera.
- Os gastos a xustificar da Liña I corresponderán ao ano 2022.
- Os gastos a xustificar da Liña II corresponderán ao período comprendido entre o 01.01.2023 e o 30.11.2023.
- En ambos casos, os gastos deben terse efectuado e pagado dentro desas datas.
- Non é necesario presentar facturas nin xustificantes de pago.
- No apartado "Concepto" do Anexo XI, deberá detallarse o máximo posible o concepto do gasto (debe quedar claro cal é realmente o gasto; por exemplo, en vez de poñer "Autobús", indicar "Autobús participación Cto. España/Galego"; ou en vez de poñer "Material deportivo", indicar "Balóns, roupa adestramento/competición, etc."). En ningún caso se poderá incluír material inventariable.
- Os apartados de "data de emisión da factura" e "data de pagamento" deben vir sempre cubertos, para comprobar que corresponden aos períodos subvencionables.

GASTOS SUBVENCIONABLES QUE SE PODEN RECOLLER NO ANEXO XI

- Licenzas federativas aboadas.
- Seguros deportivos aboados e outros seguros contratados, relacionados coa actividade deportiva, que non fosen obxecto doutras axudas, subvencións ou achegas desta ou doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Inscricións en competicións oficiais aboadas e outros gastos propios do calendario que asumirá o club por normativa de competición.
- Gastos de arbitaxes.
- Gastos de adestradores/as.
- Gastos relacionados co transporte e medios de transporte utilizados para asistir a adestramentos e competicións.
- Gastos de manutención e aloxamento para asistir ao calendario de competicións.
- Material deportivo non inventariable (balóns, equipacións/roupa de xogo ou adestramento, etc.).
- Produtos básicos de farmacia/caixa de urxencias.
- Gastos de ambulancias no desenvolvemento de eventos deportivos.
- Alugamento de instalacións deportivas para o desenvolvemento de adestramentos ou competicións.
- Gastos derivados da contratación de persoal, incluíndo salario, cotas da Seguridade Social e as retencións do IRPF practicadas. En canto ás relacións de responsabilidade que deriven dese carácter contractual entre a entidade beneficiaria e o persoal contratado, serán de única e exclusiva responsabilidade da entidade beneficiaria.
- Gastos correntes do núcleo de adestramento especializado.
- Gastos derivados da adquisición de máscaras, luvas, xeles hidroalcolícos e outros produtos de limpeza e desinfección.
- Gastos derivados da realización de test de detección da COVID-19.
- Gastos derivados da implementación doutras medidas de seguridade e de prevención da COVID-19 (marcaxe de zonas, identificación de asentos, carteis de mensaxaría, etc.).

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Si ben non é necesario presentar os xustificantes de pago dos gastos recollidos no Anexo XI, a Secretaría Xeral para o Deporte comprobará, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe, un número de expedientes significativo, coa finalidade de obter a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, para o cal poderá requirirle á entidade beneficiaria a remisión da totalidade dos documentos xustificativos (facturas e xustificante bancario de pago); no caso de importes inferiores a 1.000 € a documentación acreditativa do gasto e do pagamento poderá consistir no correspondente xustificante de recepción do provedor (factura/recibín).
- A entidade deberá conservar, nos seguintes 4 anos, os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

PARA MÁIS INFORMACIÓN

- ENTIDADES A CORUÑA: 881 960 768 (Servizo de Deportes da Coruña)
- ENTIDADES LUGO: 982 294 568 (Servizo de Deportes de Lugo)
- ENTIDADES OURENSE: 988 386 050 / 988 386 046 (Servizo de Deportes de Ourense)
- ENTIDADES PONTEVEDRA: 886 218 281 / 886 218 282 (Sección de Promoción Deportiva de Vigo)